



Concello de Castroverde

Expediente: 15/2025

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN (1) PEÓN DE SERVICIOS DIVERSOS, AO ABEIRO DO PROGRAMA "REFORZO DO EMPREGO", DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

1.1.- É obxecto da presente convocatoria a contratación de UN PEÓN de servizos diversos ao abeiro do disposto no Programa Laboral "REFORZO DO EMPREGO" 2025, que a Excm. Deputación Provincial de Lugo ven de implementar a través do seu Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 para satisfacer o obxectivo de dar cumprimento ás competencias dos servizos municipais mínimos ou obras esenciais xerando oportunidades de emprego na provincia de Lugo. Asemade, o proceso de selección levado a cabo segundo as presentes bases servirá para a creación simultánea dunha bolsa de emprego para futuras contratacións de peóns de servizos múltiples.

As tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, encádranse nos servizos públicos esenciais para acondicionamento, mantemento e limpeza de accesos a núcleos de poboación, camiños e vías municipais mediante roza manual, limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas e rutas, e obras de reparación en xeral, servizos todos eles prestados directamente por este Concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade sen esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta da porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste Concello.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Real Decreto Legislativo 2/2015 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que





Concello de Castrolverde

se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios, no BOP de Lugo e na páxina web do Concello de Castrolverde (www.concellodecastrolverde.gal) así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

2.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

2.1.- A modalidade do contrato, é a prevista no artigo 15.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro. polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada:

- Contrato laboral por circunstancias da produción.
- Duración: cinco (5) meses.

3.- FUNCÍONS.

O obxecto dos contratos laborais temporais que se celebren a resultados do proceso de selección estarán integrado polas funcións propias de Peón de servizos diversos, para actuacións referidas ao mantemento, conservación e mellora de servizos públicos de competencia municipal, realizando traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como:

- Limpeza e conservación do entorno de espazos públicos, áreas recreativas, roteiros, de xeito manual.
- Obras de reparación en xeral.

4.- REQUISITOS XERÁIS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido a esta convocatoria os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1 Ser español ou nacional dos demais estados membros da unión Europea. Asemade, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou nacionais doutros estados membros da unión europea, sempre que non estean separados de dereito; e os seus descendentes e os do cónxuxe, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.





Concello de Castrolverde

- 2 Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- 3 Non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

En cumprimento do reflectido na cláusula. 11.1 das bases reguladoras do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que **a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.**

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases, que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Castrolverde, no prazo de cinco **(5) días hábiles** contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo e na páxina web do Concello de Castrolverde (www.concellodecastrolverde.gal).

Á solicitude achegarase a seguinte documentación,

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Xustificante da Oficina de emprego, de atoparse na situación de demandante de emprego, ou de mellora de emprego.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres días, aprobando a lista de persoas admitidas e excluídas — coa mención expresa dos motivos de exclusión —. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da corporación e na páxina web do concello.





Concello de Castroverde

Concederáse, asemade, un prazo de dous días naturais para emenda, polas persoas excluídas, dos defectos a que alude o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e para a abstención e recusación dos membros do Tribunal, de conformidade co disposto no artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público

A publicación da devandita resolución no Taboleiro de Edictos da Corporación será determinante para efectos de posible impugnación e recursos, de conformidade co previsto na citadas leis.

A mencionada lista elevarase a definitiva polo transcurso do prazo para reclamacións, se non as houberse; no caso contrario, exporase de novo a lista definitiva na mesma forma que a anterior. A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo salvo que así o acorde a Alcaldía.

No caso de non existir candidatos excluídos nin que precisen do trámite de emenda, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora na que se constituirá, e data de celebración das probas.

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será oposición libre e consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1º exercicio.- Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, de 20 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I, durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5,00 para superala.

2º exercicio.- Consistirá na realización dunha proba práctica e versará sobre roza manual, realización de pequenas obras de reparación en xeral, e mantemento de instalacións.

Esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superala obter un mínimo de 5 puntos.

O resultado final do proceso será a puntuación obtida polo/a aspirante; No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, tendo en conta o artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, cando





Concello de Castrolverde

nun determinado corpo, escala, grupo ou Categoría da Administración Pública Galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dúas mulleres ou entre dous homes, este resolverase acudindo a puntuación obtida no segundo exercicio (proba práctica) e, si se mantén, resolverase por sorteo.

7.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O Tribunal Cualificador estará constituída por:

Presidente/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Secretario/a.- Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Vogais.- Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ao posto convocado.

Por cada membro do tribunal designarase un suplente cos mesmos requisitos e condicións.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade co artigo 23 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución de Alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Castrolverde e na súa páxina web (www.concellodecastrolverde.gal), xunto coa lista de admitidos e excluídos.

8.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.-

O Tribunal Cualificador publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web, a relación de aspirantes ao posto de traballo coa puntuación provisional acadada, por orden de puntuación.

Os aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación, para efectuar as alegacións pertinentes. Rematado o prazo e tras resolver as





Concello de Castroverde

alegacións efectuadas no seu caso, darase traslado ao Presidente da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas.

A selección recaerá nos aspirantes que obteñan maior puntuación. No suposto de que se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes da contratación, o órgano convocante poderá acudir á prelación de aspirantes.

Aqueles candidatos que, tendo superado a proba de acceso non obteñan unha cualificación que lles permita acadar o posto ofertado, pasarán a conformar unha listaxe que irá destinada á cobertura das baixas, renuncias, etc dos candidatos seleccionados.

9.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

Á vista da proposta do Tribunal Cualificador e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos para acceder ao emprego que se convoca, o Alcalde- Presidente resolverá o procedemento selectivo e procederá á formalización do contrato laboral temporal, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

10.- NORMATIVA.-

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación.

En canto a posibilidade de dirimir as controversias que se produzan na aplicación daqueles instrumentos normativos, serán competentes os órganos pertencentes á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

11.- RECURSOS.-

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Castroverde, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na súa páxina web, ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro do Concello de Castroverde e na súa páxina web, na forma prevista na Lexislación Reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Castroverde, na data da sinatura electrónica á marxe

O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández

ANEXO I.- TEMARIO

Tema 1

Concello de Castroverde. Encadre territorial e poboación.





Concello de Castroverde

Tema 2

Uso e mantemento de desbrozadoras manuais.

Tema 3

Sinalización vial en traballos de roza de cunetas.

Tema 4

Traballos de fontanería

ANEXO II .- PEÓN DE SERVIZOS DIVERSOS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DATA DE NACEMENTO	D.N.I.	NACIONALIDADE	
ENDEREZO			
CONCELLO	PROVINCIA	C.P.	TELÉFONO/CORREO ELECTRÓNICO

Decatado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Castroverde para a contratación laboral temporal (contrato laboral por circunstancias da produción, a xornada completa, de UN (1) peón de servizos diversos.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ao Concello do Castroverde para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.-Achego a documentación seguinte:

- DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- Xustificante da Oficina de emprego, de atoparse na situación de demandante de emprego, ou de mellora de emprego.

SOLICITO Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal de **PEÓN DE SERVIZOS DIVERSOS**, e declaro que son certos tódolos datos consignados nesta solicitude e que coñezo e reúno as condicións esixidas nesta





Concello de Castrolverde

convocatoria, referidas á data en que remata o prazo de presentación de instancias.

En Castrolverde, a de de 2025.
Sinatura,

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

De acordo con lo establecido en el RGPD y la LOPDGDD, le informamos que el responsable de tratamento de sus datos personales es el Concello de Castrolverde con dirección en Plaza de Galicia, nº 2, CP 27120, en Castrolverde (Lugo). Sus datos personales serán empleados para la gestión del expediente administrativo solicitado por usted a través del presente formulario. Usted tiene derecho a acceder y rectificar tal y como se explica en la información adicional y detallada de protección de datos, que puede consultar en la oficina de la entidad sita en la dirección arriba indicada o bien solicitándola a través de la sede electrónica del Concello: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/info.0>.

